


guía de intervención pedagógica

Matria



proxecto Fiestra

Financiado pola Deputación de Ourense.

Material educativo elaborado pola Academia Galega do Audiovisual en colaboración co Grupo de Investigación Terceira Xeración da USC para a súa difusión en centros de ensino de Galicia.

Deseño e maquetación: ekinocio
Ano: 2020

www.fiestra.gal

índice

- 1.** Materias recomendadas para traballar as temáticas e valores da obra *Matria*: **P5**
 - Educación Secundaria Obrigatoria
 - 1º de Bacharelato
 - 2º de Bacharelato

- 2.** Temas e valores na obra *Matria* **P7**

- 3.** Sobre a obra *Matria* **P9**

- 4.** Ficha técnica e palmarés *Matria* **P10**

- 5.** Actividades: **P12**
 - 5.1. Preguntas e respostas para docentes
 - 5.1.1. Actividades de experiencia, reflexión e acción en común
 - 5.1.2. Actividades de debate e reflexión por secuencias

 - 5.2. Preguntas para alumnas e alumnos **P15**
 - 5.2.1. Actividades de experiencia, reflexión e acción en común
 - 5.2.2. Actividades de debate e reflexión por secuencias

recomendacións para antes e despois de ver a obra: www.fiestra.gal

WINNER
SHORT FILM GRAND JURY PRIZE
sundance
film festival

SOMBRIZA FILMS PRESENTA

MATRIA

UN FILME DE ALVARO GAGO

FRANCISCA IGLESIAS BOUZÓN GUIÓN E DIRECCIÓN ALVARO GAGO DIRECCIÓN DE FOTOGRAFÍA LUCÍA C. PAN
ARTE ALBA AGUIAR VESTIARIO UXÍA VAELO ASISTENTE DE DIRECCIÓN MARTA FONT SCRIPT LUCÍA ESTÉVEZ
SON XAVIER SOUTO MONTAXE ALVARO GAGO COR LETICIA T. BLANCO POSPRODUCCIÓN DE SON SOUND TROOP
XEFATURA DE PRODUCCIÓN SILVIA FUENTES PRODUCCIÓN JOSÉ GAGO | ALBERTO GAGO | ALVARO GAGO



materias recomendadas para traballar as temáticas e valores da obra *Matria*

1.


Apta para maiores de 7 anos.
Recomendada para maiores de 11 anos.

Nota para todos os ciclos e cursos:

Esta obra é susceptible de ser abordada en calquera das materias escolares xa que, tal e como recolle a LOMCE, «nas diferentes materias que integran o currículo educativo de todos os cursos trabállase de forma transversal: a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional».

EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA	
PRIMEIRO CICLO [1º, 2º e 3º Curso]	SEGUNDO CICLO [4º Curso]
<ul style="list-style-type: none"> Lingua Galega e Literatura Valores Éticos Educación Plástica, Visual e Audiovisual 	<ul style="list-style-type: none"> Lingua Galega e Literatura Valores Éticos Educación Plástica, Visual e Audiovisual

1º DE BACHARELATO		
CIENCIAS	HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS	ARTES
<ul style="list-style-type: none"> Lingua Galega e Literatura 	<ul style="list-style-type: none"> Lingua Galega e Literatura Economía 	<ul style="list-style-type: none"> Lingua Galega e Literatura Cultura Audiovisual

2º DE BACHARELATO		
CIENCIAS	HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS	ARTES
 Lingua Galega e Literatura	 Lingua Galega e Literatura	 Lingua Galega e Literatura  Cultura Audiovisual
MATERIAS ESPECÍFICAS Imaxe e Son		

temas e valores na obra *Matria*

2.

TEMAS

Muller
Fábrica de conservas
Encargada tirana
Conserveira
Costa galega
Rutina diaria
Familia
Incomunicación no matrimonio
Refuxio na relación nai-filla e na relación avoa-neta
Dificultades nas comunicación laborais
Superación das adversidades
Mito do matriarcado galego

VALORES

Intelectuais:
 Comprensión
 Racionalidade
 Xuízo

Afectivos
 Amor
 Altruísmo
 Xenerosidade
 Interese
 Bondade

Volitivos
 Perserveranza
 Paciencia
 Superación
 Resiliencia
 Valentía

Proxectivos
 Humildade
 Honorabilidade
 Integridade

Individuais e liberadores
 Autonomía
 Liberdade

Creativos e innovadores
 Descarga

Estéticos

Artísticos
Cinematográficos
Morais e éticos
Bondade
Xustiza

sobre a obra *Matria*

3.

En pouco máis de 20 minutos *Matria* fai un relato realista da vida de moitas mulleres galegas. Faino usando a ficción pero cun achegamento documental no que a historia que se conta é moi parecida á vida real da súa protagonista, Ramona, interpretada por Francisca Iglesias Bouzón. Esta muller na realidade era a persoa encargada de coidar o avó do director Álvaro Gago, que deste xeito quixo facer un retrato das mulleres que se encargan de traballar na industria, na casa propia, nas casas alleas e no coidado dos demais. [*María Yáñez*].



ficha técnica e palmarés acadado *Matria*

4.

FICHA TÉCNICA

Dirección e guión: Álvaro Gago
Produción: Álvaro Gago, Alberto Gago, José Gago
Produción executiva: Mireia Graell
Xefatura de produción: Silvia Fuentes
Dirección de fotografía: Lucía C. Pan
Foquista: Jorge Basterretxea
1ª Axud. de dirección: Marta Font
Script: Lucía Estévez
Dirección de arte: Alba Aguiar
Xefatura de vestiario: Uxía Vaello
Montaxe: Álvaro Gago
Son directo: Xavier Souto
Montaxe de son e Foley: Miguel Barbosa
Misturas: Diego Suárez Staub
Corrección de cor: Leticia T. Blanco
Interpretación: Francisca Iglesias Bouzón

PALMARÉS

Selección de premios:

- Gran Premio do Xurado. *Sundance Film Festival*. Utah, USA 2018.
- Mellor Curtametraxe Española. Festival Int. de Cine de Valladolid. Seminci 2017.
- Mellor Curtametraxe e Mellor Actriz Principal. ALCINE Festival Int. de Alcalá de Henares 2017.
- Mellor Curtametraxe e Mellor Actriz. Festival Internacional de Cine Aguilar de Campoo 2017.
- Mellor Director. Festival de Cine Int. de Cartagena 2017.
- Mellor Director. VIA XIV Festival Intl. de Cine de Verín 2017.
- Premio Xurado «Otra mirada». Festival de Cine de Medina do Campo 2018.
- Segundo Premio, Mellor Director e Premio do Público. Festival de Cine de *l'Alfàs del Pi* 2018.
- Mellor Curtametraxe de Ficción. *IndieLisboa International Independent Film Festival* 2018.
- Mellor Curtametraxe Internacional. *HollyShorts Film Festival* 2018.

- Mellor Curtametraxe Internacional e *Medaglia del Presidente della Repubblica*. *Sardinia Film Festival* 2018.
- Mellor Curtametraxe. Academia Galega do Audiovisual. Premios Mestre Mateo 2018.
- Medalla de Prata ao Gañador, Mellor Actriz a Francisca Iglesias Bouzón. *24fps International Short Film Festival* 2018.

actividades

5.

preguntas e respostas para docentes

5.1

5.1.1 Actividades de experiencia, reflexión e acción en común

1. Por que credes que Ramona, a protagonista de *Matria* aguanta pacientemente as descualificacións, insultos e humillacións por parte da encargada da conserveira?

- > Momento de reflexión e debate.
- > Resposta: Ramona aguanta por supervivencia, porque necesita o seu soldo para poder vivir.

No minuto 5:20 Ramona recibe unha chamada á cal contesta dicindo que non vai. É posible que esa chamada faga referencia ao partido que vai xogar a súa neta, ao que a protagonista, finalmente, asiste.

2. Por que motivo crees que cambiou de parecer?

- > Momento de reflexión e debate.
- > Resposta: a pesar de levar todo o día de aquí para alá e de ter sido un día tremendamente intenso e esgotador, Ramona cambia de parecer e o máis probable é que ese cambio veña motivado polo forte vínculo afectivo que ten coa súa filla e coa súa neta.

«O cambio vén motivado polo forte vínculo afectivo que ten coa súa filla e coa súa neta»

Durante o transcurso da obra asistimos en numerosas ocasións ás descualificacións e humillacións de Ramona e das súas compañeiras de traballo. As seguintes preguntas non teñen unha única resposta correcta. Fomentar que as alumnas e os alumnos participen coa súa opinión.

3. Como valorades o trato que reciben Ramona e as súas compañeiras por parte da encargada?

- > Momento de reflexión e debate.
- > Resposta: aberta.

Credes que é xusto?

- > Momento de reflexión e debate.
- > Resposta: aberta.

Como vos sentiriades se vos tratasen así?

- > Momento de reflexión e debate.
- > Resposta: aberta.

No minuto 16:54 Ramona efectúa unha chamada para interesarse por un posto de traballo noutra fábrica, mostrando o seu interese por mudar de empresa.

4. Que pensades que a move a dar ese paso?

> Momento de reflexión e debate.

> Resposta: aberta. É moi probable que haxa dúas razóns principais polas que Ramona quere mudar de fábrica. A primeira e principal sería que o horario nesta nova empresa permitiríalle ver máis á súa neta. A segunda está relacionada co trato que recibe por parte da conserveira e pola desidia que pode xerar levar anos traballando nesas condicións e baixo ese trato.

5.1.2 Actividades de debate e reflexión por secuencias

As seguintes preguntas non teñen unha única resposta correcta e están pensadas para que as/os alumnas/os reflexionen arredor de valores como a empatía, a xustiza, a igualdade, a cooperación, a ética e a moral. Fomentar que as/os alumnas/os reflexionen e participen.

No minuto 8:35 Ramona axuda á súa nova compañeira, que parece estar un pouco despistada, a pesar de todo o que ten enriba. Cando a encargada lle berra á compañeira, Ramona rebélase pero pronto volve a estar calada.



1. Axudarias a unha compañeira ou compañeiro aínda que corras o risco de que che berren ou incluso de perder o teu traballo?

2. Como actuarías se ti estiveras no lugar de Ramona?

Na seguinte secuencia revivimos o momento no que observamos á protagonista comendo un bocadillo mentres pedalea fatigada camiño á casa, para quentarlle a comida ao marido e para darlle de comer ás galiñas.



3. Como valorades o comportamento do marido?

4. Podería facer el algo para que a vida de Ramona fose un chisco máis doada e levadeira?

5. Creedes que é xusto que ela pase todo o día traballando e sacrificándose e que el non faga absolutamente nada?

preguntas para alumnas e alumnos

5.2

5.2.1 Actividades de experiencia, reflexión e acción en común

1. Por que creedes que Ramona, a protagonista de *Matria* aguanta pacientemente as descualificacións, insultos e humillacións por parte da encargada da conserveira?

No minuto 5:20 Ramona recibe unha chamada á cal contesta dicindo que non vai. É posible que esa chamada faga referencia ao partido que vai xogar a súa neta, ao que a protagonista, finalmente, asiste.

2. Por que motivo crees que cambiou de parecer?

Durante o transcurso da obra asistimos en numerosas ocasións ás descualificacións e humillacións de Ramona e das súas compañeiras de traballo.


3. Como valorades o trato que reciben Ramona e as súas compañeiras por parte da encargada? Credes que é xusto? Como vos sentiríades se vos tratasen así?

No minuto 16:54 Ramona efectúa unha chamada para interesarse por un posto de traballo noutra fábrica, mostrando o seu interese por mudar de empresa.

4. Que pensades que a move a dar ese paso?

5.2.2 Actividades de debate e reflexión por secuencias

No minuto 8:35 Ramona axuda á súa nova compañeira, que parece estar un pouco despistada, a pesar de todo o que ten enriba. Cando a encargada lle berra á compañeira, Ramona rebélase pero pronto volve a estar calada.



1. Axudaría a unha compañeira ou compañeiro aínda que corras o risco de que che berren ou incluso de perder o teu traballo?

2. Como actuarías se ti estiveras no lugar de Ramona?

Na seguinte secuencia revivimos o momento no que observamos á protagonista comendo un bocadillo mentres pedalea fatigada camiño á casa, para quentarlle a comida ao marido e para darlle de comer ás galiñas.



3. Como valorades o comportamento do marido?

4. Podería facer el algo para que a vida de Ramona fora un chisco máis doada e levadeira?

5. Creedes que é xusto que ela pase todo o día traballando e sacrificándose e que el non faga absolutamente nada?



DEPUTACIÓN
OURENSE